



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de SETEMBRO de 2022 (1286/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día quince de setembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(755).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de setembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(756).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO DE OPERACIÓNS DE SEGURIDADE (SOC) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9924/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/09/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 08/09/2022 a Xunta de Goberno local, con base no informe-proposta de data 19/08/2022, acordou aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto urxente, do subministro, instalación e xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do Concello de Vigo.

O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), como se pode consultar no expediente é de data 30/08/2022.

Detectouse no informe e no acordo da XGL erro material na data do Prego de prescricións técnicas particulares, transcribíndose o 22/08/2022 cando debería constar 30/08/2022.

No punto primeiro do acordo detectouse outro erro material de transcripción, poñendo:

*“ Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto **urxente** coa finalidade de realizar a contratación do subministro da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, no que constan”*
onde debería poñer

*“ Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto **urxente** coa finalidade de realizar a contratación do **subministro, instalación e xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do Concello de Vigo**, no que constan”*

Proposta

En base o Artigo 109 da Lei 39/2015, 1 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propónse á Xunta de Goberno local:

Rectificar o erro material no acordo da Xunta de Goberno local de data 08/09/2022, de aprobación do expediente de contratación do subministro, instalación e xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do Concello de Vigo, substituíndo a data 22/08/2022 do Prego de prescricións técnicas particulares obrante no acordo, por a data 30/08/2022 e substituíndo o texto do primeiro punto do acordo

*“ Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto **urxente** coa finalidade de realizar a contratación do subministro da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, no que constan”*
polo texto

*“ Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto **urxente** coa finalidade de realizar a contratación do **subministro, instalación e xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do Concello de Vigo**, no que constan”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(757).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA «ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO» CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DE «SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022». EXPTE. 240050/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2022, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo, o xefe de Área e a concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 25.03.2022, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2022» (BOP nº 67, do 06.04.2022; extracto BOP nº 70, do 11.04.2022).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinadas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. De acordo coas Bases e a normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade (Bases primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.4. As Bases foron integramente publicadas no BOP, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios e editos do Concello. O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 70, do 11.04.2022 e rematou o 11.05.2022.

I.5. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 15.06.2022, durante ese prazo presentáronse un total de 48 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base reguladora undécima, a Xunta de Goberno Lo-

cal, na súa sesión ordinaria do 07.07.2022 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de **69.706,99€** en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2022, segundo o seguinte desglose:

EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCE- DIDO (€)
235371/301	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME-COVID ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES INMIGRANTES	39	3.000,00
235272-301	ASOCIACION XARUMA	NATURALMENTE	36	2.779,67
234644/301	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	DARNOS-VIGO, ACOMPAÑAMENTO E ASISTENCIA A MAIORES	33	2.548,04
235366/301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	33	2.500,00
234978/301	FUNDACION ALDABA	ACTIVÁMONOS 3	32	2.470,82
234617/301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANHIDA	TERAPIAS E APOIO ESCOLAR PARA NENOS TDAH	31	2.393,61
234459/301	FUNDACIO ISIDRE ESTEVE	CENTRO PONTE VIGO	30	2.316,40
235258/301	FUNDACION JUAN SOÑADOR	PROXECTO EDUCATIVO NA RÚA VIGO	29	2.239,18
234331/301	FUNDACION AMEDIS	PROGRAMA TIC 2022	28	2.067,49
235257/301	FADEMGGA PLENA INCLUSION GALICIA	SERVIZOS DE EMPREGO ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	28	2.161,97
235308/301	FUNDACION AMIGÓ	PROYECTO CONVIVIENDO	28	2.161,97
235337/301	FUNDACION DE LA SANTA CRUZ FUNDACION CANONICA	PROYECTO DE ACOMPAÑAMIENTO SOCIAL 2022 – SOMOS PERSONAS ACOMPAÑANDO A PERSONA	28	2.161,97
235154/301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	"MOVE O TEU CORPO CON XEITO" A IMPORTANCIA DA PSICOMOTRICIDADE NO REFORZO EDUCATIVO	26	2.007,54
235351-301	ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	Proxecto de Benestar físico a usuari@s afectados de dano cerebral adquirido	26	2.007,54
234274/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	25	1.930,33



Concello de Vigo

235372/301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	FISIOTERAPIA PARA A MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE PERSOAL CON DISCAPACIDADE 2022	25	1.650,00
234651/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICIÓN DE HÁBITOS FÍSICO-PSÍQUICO SAUDABLES	24	1.853,12
235129-301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	O tai-chi na rehabilitación psicomotriz das persoas con problemas de saúde mental 2022	24	1.853,12
235167/301	ASOC VECINAL CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVAD	"Vémosnos no barrio" - "#FormaTICLAV2022"	23	1.775,90
235231/301	BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLOXICOS HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO	ALOUMIÑO: PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL O NENO CON PATOLOXÍA ONCO-HEMATOLOXICA.	23	1.775,90
234738/301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	VIVE DEPORTIVAMENTE AÑO 2022 CONTINUIDADE E CONSOLIDACIÓN	22	1.698,69
234890/301	ASOCIACION GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS (AGAFAN)	Servicio de apoio e asesoramento ás familias con fillos e fillas en risco de exclusión	22	1.698,69
235306/301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	SMART VIGO SENIORS	22	1.698,69
235365/301	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	"DESAFIANDO REALIDADES"	22	1.698,69
235024-301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALIC	PROXECTO DE PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO E A SOIDADE NON DESEXADA: "CULTIVA A MENTE EN REDE"	21	1.621,48
235350/301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACIÓN Y ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR A COIDADORES, FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL	21	1.621,48
235249/301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	POLO MESMO CAMIÑO 2.0: PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA E/OU XINOCOLÓXICO E OS SEUS FAMILIARES. CONCELLO DE VIGO	20	1.489,55
235287/301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	Atención integral a persoas con discapacidade . Atención socio-anitaria a través da Terapia Ocupacional	20	1.544,26

235344/301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	SERVIZO DE INFORMACIÓN E FORMACIÓN A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E AS SÚAS FAMILIAS	20	1.544,26
235286/301	ASOC PARKINSON DE VIGO	PARKINSON CANTA	19	722,67
234456/301	ASOCIACION A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELLECTUAL DE LA PROV. DE PONTEVEDRA (ASPANAEX)	PROMOVER OBRADOIROS ALTERNATIVOS VIDA INDEPENDENTE, PSICOMOTRICIDAD, BAILE E PILATES	18	1.389,84
235304/301	ASOC DA III IDADE NEVOX	“NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE”	18	1.389,84
235166/301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDA EN BEADE 2022	17	1.312,62
235370/301	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	TEATRO INCENTIVANDO A MEMORIA	17	780,00
234461/301	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO-CULTURAL E DEPORTIVA S. MIGUEL DE OIA	TALLER TEATRO PARA MAIORES	16	1.235,41
234821/301	ASOC GALLEGA DE HEMOFILIA	PROXECTO ESCOLAS DE APRENDIZAXE PARA FAMILIAS DE NENOS CON HEMOFILIA DO CONCELLO DE VIGO	16	1.235,41
234860/301	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO VERBAS	16	1.235,41
235349/301	FARAXA POLA ABOLICION DA PROSTITUCION	“AVANZA”	16	1.235,41
234402/301	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMA LA UNION	TRABALLANDO COS NOS MAIORES	15	900,00
				69.706,99 €

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 25.03.2022:

NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
ASOCIACION DIGNIDAD GALICIA	HABILIDADES PARA A INSERCIÓN	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
MISION DEL SILENCIO	PROXECTO DE ADAPTACIÓN TECNOLÓXICA: COMEDOR SOCIAL VIRGUEN DE LOURDES	0	BASE 6.b) NON ESTAR INSCRITA no Rex. Mun. Asoc.
FUNDACION INGADA	A FAMILIA NO TDAH	2	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
ASOCIACION NACIONAL DE AYUDA A LA PERSONA DEPENDIENTE	PLATAFORMA SOSDEPENDIENTES	0	BASE 6.b) NON ESTAR INSCRITA no Rex. Mun. Asoc.
ASOC GALLEGA DE AFECTADOS POR VIH/SIDA	“INCORPORARME”	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA	PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
APA COLEGIO PUBLICO SANTA MARINA DE BECE	ESPACIO SIN JUZGAR	0	BASE 3.2 Non se encadra no ámbito de actuación dos servizos sociais
ASOC CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURSO FORMACION DA SAUDE PERSOAS MAIORES E FOMENTO PSICOMOTRICIDADE	0	BASE 3.2 Non se encadra no ámbito de actuación dos servizos sociais
ASOCIACION GALICLOWN	SONRISAS TERAPÉUTICAS	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima



Concello de Vigo

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

I.7. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á vía administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan nos respectivos expediente. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentouse un (1) por parte do representante da «Asociación Cultural Triana de Vigo» (CIF G-36895993), co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude da Xefatura de Área de Benestar Social.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2022 (BOP nº 67, do 06.04.2022; extracto BOP nº 70, do 11.04.2022).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.07.2022, desestimatorio da solicitude da «Asociación Cultural Triana de Vigo» de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2022».

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo (o acordo desestimatorio foi notificado o 22.07.2022) e forma (ppio. antiformalista: Art. 115.2 LPACAP) polo responsable da entidade (D. Vicente González Pereira, presidente) e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccetes. LPACAP e Base décimo terceira), solicitando “*que se revise esta decisión, se estudie con detalle as actividades que se solicitan subvención e se otorgue axuda para que podan levar a cabo*” e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso:

- **Recurso:** Recurso de reposición presentado pola «Asociación Cultural Triana de Vigo» (CIF G-36895993). Rexistro electrónico municipal: 19.08.2022; Cod. Solicitud W749734-294; Doc. n.º 220203577; Notificación acordo XGL: 22.07.2022; Exp. solicitud n.º 235291/301; Exp. recurso n.º 240050/301.
- **Fundamento:** Entenden que cumpren “*todos os requisitos expostos nas bases e extracto da convocatoria da subvención: Proxecto: “CURSO DE FORMACIÓN DA SAÚDE DE PERSOAS MAIORES E FOMENTO DA SÚA PSICOMOTROCIDADE” e que este proxecto ten como destinatarios as persoas maiores e se encadra plenamente no colectivo detallado na Base 2, Apdo.B] (persoas maiores e persoas con discapacidade).*
- **Resposta:** A Base 3ª.2 dispón que serán desestimadas as solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política de Benestar Social, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras Áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.

Por outra banda, a Base 6ª establece, entre os requisitos que deben reunir as entidades solicitantes, o seguinte: “*a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases*”.

Pois ben, no Art. 2 dos Estatutos da «Asociación Cultural Triana de Vigo» defínense con claridade os seus fins nos seguintes termos:

“ *Son fines de esta asociación, los siguientes:*

- *Dar a conocer y promocionar el folklore, la danza y la cultura andaluzas.*



Concello de Vigo

- *Participar en ferias y en general en todo tipo de eventos culturales que estén relacionados con la cultura andaluzas*
- *Impartir cursos, charlas y promocionar estudios sobre la cultura, la danza y el folklore andaluz.*
- *Hermanamiento, colaboración y asociación con otras Entidades, Asociaciones y hermandades de culto religioso.*
- *La asistencia y participación en romerías, acontecimientos religiosos, culturales y ferias de carácter andaluz.*
- *La obtención de medios para la consecución de los fines anteriores.”*

Así pois, a «Asociación Cultural Triana de Vigo» é unha asociación de carácter cultural (así figura inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co n.º 00793-02) e non unha entidade social nos termos requiridos nas Bases reguladoras destas subvencións.

Como vemos de comprobar, non ten entre os seus fins estatutarios o desenvolvemento de actividades sociais nin os mesmos son coincidentes cos establecidos nas Bases da Concellería de Política de Benestar Social.

En consecuencia, esta Asociación cultural non reúne os requisitos establecidos na Base 6ª a) para ser beneficiaria destas subvencións nin tampouco os da Base 2ª, que indica que serán subvencionables os programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais.

- **Proposta:** Desestimar o recurso.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado pola «Asociación Cultural Triana de Vigo», CIF G-36895993), contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.07.2022 polo que, en aplicación das Bases 2ª, 3ª e 6ª, se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro das bases reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANÍMIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2022».

SEGUNDO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(758).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – “CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE”. EXPTE. 238088/301.

Visto o informe xurídico do 01/09/2022 e o informe de fiscalización do 06/09/2022, dáse conta do informe-proposta do 38/08/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. A Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai moito tempo coa «FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ» (antes: “*Hermanos Misioneros de los enfermos pobres*”), entidade colaboradora que presta un servizo inestimable a persoas sen fogar ofrecendo prazas temporais de Albergue e de longa estancia na súa Casa de acollida, cubrindo así en parte as carencias da estrutura municipal actual.

I.3. Polo Servizo de Benestar Social estímase conveniente o mantemento desa colaboración para os exercicios de 2022-2025, dando continuidade así ó anterior convenio asinado en 2019 para o período 2019-2021 (Exps. Núms. 186815/301 e 186814/301; XGL do 24.10.2019).

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - “*Fundación de la Santa Cruz*” (57.060€). As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (outros 57.060€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.5. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



Concello de Vigo

I.7. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.8. En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2023, 2024 e 2025.

I.9. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.10. Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – “CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE” (2022 – 2025)».

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g) LRBL, Art. 31 LSG e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18.06.2019, de delegación de atribucións na XGL) a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – “CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE” (2022 – 2025)» (Exp. n.º 238088/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 228.240€, a razón de 57.060€/ano, a favor da «Fundación da Santa Cruz», CIF G-67116756, con cargo no exercicio de 2022 á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.04 - “Fundación de la Santa Cruz”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos fixados e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos municipais deses anos.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN DA SANTA CRUZ PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE – “CASA NOSA SEÑORA DA SAÚDE” (2022 – 2025)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Ramón Batlle Tomàs, con DNI nº 40.894.035-N, Vicepresidente da «Fundación da Santa Cruz», con enderezo para os efectos de notificación na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Ramón Batlle Tomàs, actuando en representación da «Fundación da Santa Cruz» (CIF G-67116756), segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a institución «Fundación da Santa Cruz» (antes: “*Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres*”) ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Trátase dunha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de verdadeira necesidade e os seus centros asisten-



Concello de Vigo

ciais en Vigo constitúen uns valiosos recursos sociais dentro do conxunto do sistema de servizos sociais da cidade.

En concreto, a institución dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que cumpren cos requisitos da normativa vixente de autorización de centros e programas.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, os do Albergue municipal – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

III.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no

emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación da Santa Cruz» para o sostemento do seu Albergue – “Casa Nosa Señora da Saúde”, situado na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade, nas condicións que a seguir se especifican.

SEGUNDA.- A «Fundación da Santa Cruz» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Aceptar nos seus centros a homes e mulleres das características mencionadas e que asuman o cumprimento das normas de orde interno existentes, que lles sexan derivadas polo Servizo de Benestar Social do Concello, sempre que a súa capacidade o permita.

2º) Proporcionar ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais, dentro das súas posibilidades e tanto nas prazas de Albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente ó cumprimento de horarios de entrada e saída, comidas, etc., cando así o precisen para a súa inserción laboral, realizar xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.



Concello de Vigo

- 3º) Aloxar, con carácter excepcional e en réxime de pensión completa, a aqueles usuarios do CIIES que polas súas limitacións de mobilidade non poidan acceder ós pisos dispoñibles.
- 4º) Contratar a un/unha traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda ás persoas usuarias do Albergue para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa.
- 5ª) Promover o desenvolvemento de habilidades persoais e sociais e a inclusión das persoas residentes e usuarias do seu Albergue, facilitándolles as competencias técnicas e os coñecementos necesarios.
- 6ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación da Santa Cruz» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 57.060€/ano (en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 228.240€) para cofinanciar o custo da contratación dunha traballadora social para o Albergue “Nosa Señora da Saúde” (que non terá relación laboral ningunha co Concello de Vigo) e os gastos de comedor do Centro.

O gasto do exercicio de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – “Fundación de la Santa Cruz”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos respectivos orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

CUARTA.- Para contribuír ó desenvolvemento de habilidades persoais e sociais e á inclusión das persoas usuarias do Albergue da «Fundación da Santa Cruz», o Concello de Vigo comprométese, sempre que sexa posible e como parte dos seus itinerarios de inserción, a contar coa participación daquelas que reúnan a capacidade precisa como colaboradoras nas tarefas auxiliares derivadas da organización dos eventos, xornadas e/ou congresos que se leven a cabo desde a Concellería de Política de Benestar Social. En calquera caso, actuarían sempre de forma supervisada e guiada por profesionais, sen ningún vínculo de carácter laboral co Concello e coa cobertura de riscos que lles preste a Fundación. A súa participación non suplirá á dos/as profesionais que se poidan contratar para a organización daqueles actos.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que

presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

- Incrementa o número de cámaras de videovixilancia sobre o mínimo esixido no PPT (5 cámaras) en 7 cámaras
- Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:
 - Con acceso desde móbil á plataforma
 - Con xestión de cámaras remota

2.- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 59 minutos.

3.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da 2ª prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por un importe total de 1.936,00 €, dos que 88,47 € corresponden ao orzamento do ano 2022 e 1.847,53 € ao orzamento do ano 2023, que se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279900 PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS (P. EMPREGO)

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con



Concello de Vigo

indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(762).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN ANHIDA” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL NO 2022. EXPTE. 10621/320.

Visto o informe de fiscalización do 02/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/08/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo do 23/03/2022, D. Ricardo García Díaz (DNI 3607*****), en calidade de presidente da “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”” (CIF: G-36938272), achegou escrito (Doc. 220060653) e achega posteriores do 13/06/2022 (Doc. 220127704) solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos das obras de acondicionamento do seu local social no 2022, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Ricardo García Díaz, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” ”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38^a.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmentemente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 08/06/2022.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 27/04/2022.
- Certificado da Seguridade Social, de data 08/06/2022.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 17/06/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL (2022)	
Obra acondicionamento entrada local	3.757,05 €
Instalación porta y persiana seguridad	9.954,67 €
TOTAL	13.711,72 €

INGRESOS (outubro 2021 – setembro 2022)	
Participación Cidadá	2.000,00 €
Anhida	11.711,72 €
TOTAL	13.711,72 €

8. Comunicacions previas, licenza de obras e taxas e imposto pola expedición dos expedientes urbanísticos tramitados.
9. Cronograma da obra.
10. Orzamentos solicitados.



Concello de Vigo

11. Titularidade do inmovible: Resolución da Consellería de Política Social pola que se outorga a concesión demanial á entidade do inmovible sito na rúa Conde Torrecedeira 99, baixo de Vigo, con referencia catastral número 2153901NG2725S0026BK.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 889/04, segundo resolución de data 08/10/04.

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) inclúe expresamente a partida 9240 7800002 "Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"", cunha dotación orzamentaria de 2.000,00 €.

VI. En data 09/06/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 17/06/2022 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA" (G36938272), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de acondicionamento do local social en 2022, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"".

Segundo recolle o art. 5 dos Estatutos da Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.

- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudo da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de país e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2021).

Doutra parte, asinará o convenio Don Ricardo García Díaz, con DNI 3607*****, en calidade de Presidente da “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”” (CIF: G36938272), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10621/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.



Concello de Vigo

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración

Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre en 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2022) inclúe expresamente a partida 9240 7800002 “*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”*”, cunha dotación orzamentaria de 2.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” son gastos de obras de acondicionamento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO



Concello de Vigo

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do orzamento, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado, sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen en 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **31 de outubro de 2022**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención

outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden



Concello de Vigo

ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2021, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 2.000,00 € (dous mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.7800002 denominada "*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" (CIF.- G36938272), cuxo obxecto é contribuir ao financiamento das obras de acondicionamento do seu local social necesario para o fomento das actividades programadas pola entidade e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 2.000,00 € (dous mil euros).

TERCEIRO.- É competente para asinar o citado convenio o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Estévez Rodríguez.

CUARTO.- Registrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme ao artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN "ANHIDA" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL NO 2022.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Ricardo García Díaz, con DNI 3607*****, en calidade de Presidente da "Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"" (CIF: G-36938272), con domicilio social na Rúa Antón Beiras, 8, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10621/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., que inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio á atención e integración social, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de



Concello de Vigo

proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficas, educativos, formativos, así como, a información, promoción e organización de accións encamiñadas orientadas á defensa dos dereitos das persoas con necesidades especiais, sendo a “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA” “ unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

III.- Que a entidade “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA””, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Defender e salvagardar os dereitos das persoas con hiperactividade e déficit de atención.
- ✓ Mellorar a calidade de vida das persoas obxecto da súa atención.
- ✓ Facilitar a integración destas persoas na sociedade, detectando e prevendo condutas antisociais.
- ✓ Potenciar e axudar no seu crecemento e maduración persoal.
- ✓ Dar apoio, orientación e información ás familias afectadas.
- ✓ Fomentar o estudo da hiperactividade e de déficit de atención.
- ✓ Informar, á sociedade en xeral, das características especiais desta problemática.
- ✓ Potenciar o movemento asociativo de pais e familiares afectados.
- ✓ Solicitar a colaboración e cooperación a organismo públicos e privados, nacionais e internacionais, para a consecución dos seus fins.
- ✓ Organizar e realizar actividades educativas, asistenciais, benéficas e de formación, necesarias para garantir a atención especializada que se requira (...).

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/10/04, a “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 889/04.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”” leve a cabo os proxectos e actividades, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento da mellora do seu local social, sita na Rúa Conde Torrecedeira 99, baixo de Vigo, con referencia catastral número 2153901NG2725S0026BK, necesario para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.-Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.7800002, denominada “Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA””, nominativa con una partida orzamentaria de 2.000,00 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os

intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír ao financiamento das obras de mellora do local social, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía total segundo orzamento estimado de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS OBRA ACONDICIONAMENTO LOCAL	
Obra acondicionamento da entrada do local social	3.757,05 €
Instalación de porta e persiana de seguridade	9.954,67 €
TOTAL	13.711,72 €

VIII.- Que a entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" non incorra en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as obras de acondicionamento do seu local social que motivan a concesión da subvención, nos termos establecidos nos expedientes urbanísticos tramitados segundo a normativa urbanística aplicable, achegados ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das obras previstas.



Concello de Vigo

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das obras.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*" unha subvención por importe máximo de **2.000,00 € (dous mil euros)** con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240 7800002, denominada "*Convenio Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*", do vixente orzamento municipal (2022), co obxecto de colaborar co financiamento da obras de adaptación do local en 2022, necesarios para o desenvolvemento das actividades, sito na rúa Conde Torrecedeira 99, baixo de Vigo, con referencia catastral número 2153901NG2725S0026BK de Vigo, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da "*Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención "ANHIDA"*".
3. Achegar o informe de conformidade da Xerencia Municipal de Urbanismo respecto do cumprimento de requisitos esixibles na execución das obras subvencionadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, da realización das obras subvencionadas, necesarias para o desenvolvemento das súas actividades, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os xuros de mora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as obras subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da obra subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención, as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da obra subvencionada, necesaria para o desenvolvemento das actividades, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, desde a aprobación do convenio ata o 31/12/2022, en lugar preferente e perfectamente visible no local social, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo.

Oitavo.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre as cuestións que poidan xurdir ao longo da vixencia do presente convenio e solución de posibles controversias. Estará composta por dous representantes da Asociación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).



Concello de Vigo

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto subvencionado. A xustificación da subvención realizarase polo “Asociación de Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención “ANHIDA”, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **31 de outubro de 2022**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

- a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.
- b) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao

proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

c) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

d) Achegarase informe conforme a obra está rematada asinado por técnico competente.



Concello de Vigo

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria ao IBAN número ES97 0049 5393 1527 16026134 (SANTANDER).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da obra subvencionada e se realicen no ano 2022.

Décimo terceiro.- A realización da obra subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a obra subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

9(763).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 . EXPTE. 3882/321.

Visto o informe xurídico do 29/08/2022 e o informe de fiscalización do 02/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/08/2022, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, a concelleiro-delegada de Contratación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

I. Con data 7 de setembro de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou:

“Adxudicar a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 934.313,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 162.153,60 euros.

b) Propón un incremento de 10 horas semanais (total 306 horas semanais).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

II. O contrato foi formalizado o 29 de setembro de 2017 iniciándose a súa execución o 1 de novembro por un período de 4 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, polo que o seu prazo finalizaría o 31/10/2021.

III. O contratista non comunicou por escrito a súa oposición á prórroga con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo, polo que con data 26/03/2021 a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal asinou a orde de inicio do expediente núm. 3879-321 para a prórroga dun (1) ano do contrato.

IV. Con data 20 de abril de 2021 asinouse o informe-proposta asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento, responsable do contrato, e conformada polos concelleiros-delegados de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal o 20/04/21 e de Facenda o 21/04/21 no que se sinala que o servizo se está a prestar satisfactoriamente e que se considera procedente a prórroga do contrato.

Remítese o expediente a Asesoría Xurídica Municipal o 23/04/2021.



Concello de Vigo

V. Con data 07/05/2021, anéxase ao expediente 3574-321, nos trámites 447-448, comunicación, en principio, remitido desde unha dirección de correo da contratista sobre solicitude de concurso.

VI. Con data 07/05/21 a Asesoría Xurídica emite informe sinalando que toda vez que consta comunicación por correo-e, sen sinatura electrónica, sobre solicitude de concurso por parte da contratista, *a comunicación referida ven impedir a continuación do expediente de prórroga núm. 3879/321, ata que se aclare a situación da contratista e se verifique a información recibida a través do correo-e.*

VII. De conformidade co anterior, outórgase trámite de audiencia á contratista mediante notificación electrónica asinada en data 11 de maio de 2021.

VIII. En datas 18 e 20 de maio de 2021 a contratista achega documentación na que en síntese manifesta que o concurso se presentou o 7 de abril do 2021 sen que se teña declarado ata dita data, engandindo que é vontade da empresa a continuidade na correcta prestación do servizo pero que non poden achegar máis garantías que a xa existente debido ás circunstancias sinaladas.

IX. Con data 2 de setembro de 2021 a entidade CONTACTNOVA, S.L. presenta solicitude de cesión do contrato (documento nº 210180933) achegando a documentación correspondente.

X. Con data 10 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte. 6650/241):

1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321), adxudicado a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2017, a favor de CONTACTNOVA, S.L.U. (B-36.819.456).

2º.- A cesión quedará condicionada á súa formalización en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

3º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase con efectos do día 15 de setembro de 2021.

4º.- Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 36.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017).

5º.- Notificar este acordo aos interesados”.

XI. Con data 30 de setembro de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou a rectificación de erros do anterior unicamente con respecto ao importe da garantía co seguinte tenor literal

(expte. 6650/241):

“1º.- Rectificar o punto 4º do acordo de autorización de cesión do contrato do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321), adoptado o 10 de setembro de 2021:

Onde di:

“Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 36.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017)”.

Debe dicir:

“Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 38.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017)”.

2º.- Notificar este acordo aos interesados”.

XII. Con Rexistro electrónico de data 16/09/2021 a entidade CONTACTNOVA, S.L.U. (COD. SOLICITUDE: W601026-285) achegou a escritura pública de cesión de contrato de data 14/09/2021 con nº 1.270 de protocolo do notario don Ángel Castelló Vicedo, dando cumprimento ao punto 2º do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 10 de setembro de 2021 (expte. 6650/241).

XIII. Con data 7 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou:

“PRIMEIRO: Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 01/11/2021-31/10/2022, do contrato para a prestación servizo de información cidadá a través do teléfono 010, dependente da Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do que é actual cesionaria CONTACTNOVA, S.L.U. (B-36.819.456) por acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de setembro de 2021.

O importe da prórroga será de 233.578,40 euros, dos que 38.929,73 € corresponden ao orzamento de 2021 e 194.648,67 € ao orzamento de 2022, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 9240 2279901 “TELEOPERADORAS, 010 E ENVÍO DE MENSAXES”, manténdose, no período de prórroga, a mellora ofertada no contrato sen custe para o Concello respecto do número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula 2 do prego de prescricións técnicas (296 horas semanais) consistente en incrementar en 10 horas semanais (total 306 horas semanais).

(...)”

XIV. O contratista non ten comunicado por escrito a súa oposición á 2ª prórroga con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo.



Concello de Vigo

XV. Con data 01-06-2022 a concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal asinou a orde de inicio do presente expediente de 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato preveña expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma, sinala, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

Segundo a Cláusula 4ª do contrato o prazo do contrato será de catro anos con posibilidade de prorrogalo por períodos anuais ata un máximo de dúas prórrogas.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7ª, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A da FEC, que establece un prazo de catro anos.

Así mesmo, a Cláusula 7ª do PCAP establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas de Características do Contrato (FEC) sempre que, medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.

En relación co anterior, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Na actualidade o servizo de información cidadá a través do teléfono 010 se desenvolve conforme o disposto no prego de condicións técnicas, realizándose de maneira satisfactoria pola empresa adxudicataria, polo que toda vez que o prazo de execución do contrato remata o vindeiro 31/10/2022, e debido á necesidade de garantir o servizo de información cidadá a través do teléfono 010, faise necesario tramitar a presente prórroga de un ano de duración do contrato.

As características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración desta última prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato.

De conformidade co anteriormente exposto e dacordo co establecido nos artigos 23 e 303 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e conforme a previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe-proposta e previo informe da Asesoría Xurídica e de fiscalización favorable da Intervención Xeral Municipal, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a 2ª prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 01/11/2022- 31/10/2023, do contrato para a prestación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010, dependente da Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do que é actual cesionaria CONTACTNOVA, S.L.U. (B-36.819.456) por acordo da Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2021.

O importe da prórroga será de 233.578,40 euros, dos que 38.929,73 € corresponden ao orzamento de 2022 e 194.648,67 € ao orzamento de 2023, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 9204 2279901 "TELEOPERADORAS, 010 E ENVÍO DE MENSAXES", manténdose, no período de prórroga, a mellora ofertada no contrato sen custe para o Concello respecto do número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula 2 do prego de prescricións técnicas (296 horas semanais) consistente en incrementar en 10 horas semanais (total 306 horas semanais).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(764).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS, DUN OFICIAL DE POLICÍA LOCAL POR PROMOCIÓN INTERNA: OEP 2014-15-16. EXPTE. 34065/220.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 08/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/09/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 744/2021, de data 09/12/2021, estimouse o recurso de apelación interposto contra a Sentenza 272/2019, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de data 17/04/2020, que revoca, e estima o recurso contencioso-administrativo presentado por D. J. E. Comesaña Rosende, contra a resolución de data 08/05/2019 pola que se publican as cualificacións definitivas e se nomea funcionario de carreira, para praza vacante de Oficial de Policía Local, por quenda de promoción interna, a D. E. Toucedo Garrido (expediente 32853/220), resultado do proceso selectivo destinado á cobertura de dita praza en propiedade, que se anula.

II.- O Auto nº 62, do Xulgado Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de data 28/07/2022, dispónse o despacho da execución provisional da sentenza mencionada no apartado anterior, requirindo a este Concello para que no prazo de dez días informe sobre o seu cumprimento íntegro, e en particular, sobre a modificación das cualificacións definitivas dos exercicios no proceso selectivo para a cobertura da praza de oficial de Policía Local e se declare superado por Dº. J. E. Comesaña Rosende, que deberá ser nomeado como tal, deixando sen efecto o nomeamento de Dº. E. Toucedo Garrido.

III.- Por Resolución da Concelleira delegada competente de data 05/08/2022 (expte 40465-220) acordouse:

“Primeiro.- Dar cumprimento íntegro ao disposto na Sentenza 744/2022, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 09/12/2021 e de acordo co auto nº 62, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de data 28/07/2022, procedendo á súa execución provisional.

Segundo.- Dar traslado da presente resolución a todos os membros do Tribunal da praza de oficial da Policía Local, pola quenda de promoción interna, (derivada das Ofertas de emprego público 2014/2015/2016) para seu o coñecemento e no caso do Presidente (ou o seu suplente), para que no prazo máximo de 10 días convoque ao resto dos membros do Tribunal a efectos de dar cumprimento ao acordado na Sentenza que provisionalmente se executa, procedendo á modificación das cualificacións definitivas dos aspirantes e declarando superado o proceso por Dº J. E. Comesaña Rosende para o seu posterior nomeamento.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución aos interesados, a Xefatura da Policía Local e ao Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, aos oportunos efectos en relación coa sentenza que se executa a través da representación legal do Concello –Asesoría Xurídica Municipal.”

IV.- Reunido o 24/08/2022 o Tribunal Cualificador encargado de prover 1 praza funcional de oficial de policía local, pola quenda de promoción interna, acordou:

“PRIMEIRO.- En cumprimento do Auto nº 62/2022, de 28 de xullo, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (EXP 24/2022- PA 272/2019), deixar sen efecto o nomeamento de D. E. Toucedo Garrido como Oficial da Policía Local de Vigo.

SEGUNDO: Declarar aprobada a oposición para a praza convocada de Oficial de Policía Local de Vigo, de conformidade coa Base Xeral 8.4.6ª e coas Bases Específicas desta oposición, ao aspirante D. J.E. Comesaña Rosende, con DNI **1627* *cunha puntuación total de 6,21.

TERCEIRO.- Remitir o expediente tramitado ao servizo de Recursos Humanos ao obxecto de que proceda consonte ao previsto no epígrafe VII das Bases específicas e na base xeral décimo cuarta, previa comprobación das esixencias documentais ás que se refire a Base xeral décimo terceira.”

V.- O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal en data 02/09/2022 e no taboleiro de anuncios en data 05/09/2022.

VI- Segundo consta no informe de verificación obrante no expediente: “A persoa proposta, relacionada na táboa anterior, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

Con carácter xeral en materia de acceso ao emprego público é de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”



Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha lei orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

II.- Neste caso, e logo dos antecedentes primeiro, segundo e terceiro, expostos neste informe, reuniuse o 24/08/2022 o Tribunal Cualificador encargado de prover 1 praza funcional de oficial de policía local, pola quenda de promoción interna, e acordou:

"PRIMEIRO.- *En cumprimento do Auto nº 62/2022, de 28 de xullo, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (EXP 24/2022- PA 272/2019), deixar sen efecto o nomeamento de D. E. Toucedo Garrido como Oficial da Policía Local de Vigo.*

SEGUNDO: Declarar aprobada a oposición para a praza convocada de Oficial de Policía Local de Vigo, de conformidade coa Base Xeral 8.4.6ª e coas Bases Específicas desta oposición, ao aspirante D. J.E. Comesaña Rosende, con DNI **1627* *cunha puntuación total de 6,21.

TERCEIRO.- Remitir o expediente tramitado ao servizo de Recursos Humanos ao obxecto de que proceda consonte ao previsto no epígrafe VII das Bases específicas e na base xeral décimo cuarta, previa comprobación das esixencias documentais ás que se refire a Base xeral décimo terceira.”

De conformidade co previsto nas Bases da convocatoria, o aspirante aprobado unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación, debendo superar un curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, que será obrigatorio e necesario para poder tomar posesión como funcionario de carreira no novo posto ao cal acceda.

III- .- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e Resolución de 06/09/2022



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear, de conformidade co informe que antecede e pola motivación exposta, como **funcionario en prácticas** con cargo á praza convocada de **OFICIAL POLICÍA LOCAL** pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, a D. J.E. Comesaña Rosende, con DNI ****1627**.***, cunha puntuación total de 6,21., que foi proposto polo Órgano de Selección na súa sesión de 24/08/2022.

SEGUNDO.- Deixar sen efecto o nomeamento como funcionario de carreira de D. E. Toucedo Garrido con cargo á mesma praza convocada de **OFICIAL POLICÍA LOCAL** pola quenda de promoción interna, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, acordado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 26/11/2020 (expte 36718-220).

TERCEIRO.- De conformidade co previsto nas Bases da Convocatoria, o novo aspirante proposto polo órgano de selección na sesión de 24/08/2022, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente lle correspondan, debendo superar un curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, que será obrigatorio e necesario para poder tomar posesión como funcionario de carreira no novo posto.

CUARTO: O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso de capacitación contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto nas Bases da convocatoria, o nomeamento como funcionario de carreira, unha vez superado o curso de capacitación, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos interesados, a Xefatura da Policía Local a Asesoría Xurídica, aos oportunos efectos en relación coa sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, a Academia Galega de Seguridade Pública, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

SEXTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(765).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 39998/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/09/2022, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

En acordo de data 31 de maio do 2022 (expediente nº 39.998/220) foi aprobada a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, en execución de obrigas legais, co teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 e tras a negociación colectiva efectuada; oferta que se concreta en:

*1.- Prazas que cumpren cos requisitos previstos na DA 6º e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal e convocadas polo sistema de **concurso**:*

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
TÉCNICO/A DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
VETERINARIO/A - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A DEREITO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO



Concello de Vigo

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
LICENCIADO/A CIENCIAS DO TRABALLO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A PSICOLOXIA	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR -DIRECTOR/A (LICENCIADO FILOSOFIA, CIENCIAS EDUCACION E PEDAGOXIA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR-COORDINADOR/A PLAN EMPREGO MUNICIPAL (ENXEÑEIRA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO DE ARQUIVO	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO RESPONSABLE OBRAS PROGRAMA UTIL (ARQUITECTO TÉCNICO EN EXECUCIÓN DE OBRAS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO-ADMINISTRADORA PROGRAMA UTIL (LICENCIADO/A EN C.ECONOMICAS E EMPRESARIAIS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO-TITOR/A PROGRAMA UTIL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO – DIPLOMADO/A EDUCACION SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
TITULADO/A MEDIO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A ORIENTACIÓN LABORAL	A2	Laboral fixo	6	CONCURSO
TECNICO/A XESTIÓN	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
CONSERVADOR/A	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
MESTRE/A OFICIOS EMAO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A	C1	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
MESTRE/A FORMACION EMAO	C1	Funcionario/a de carreira	4	CONCURSO
MESTRE/A FORMACION EMAO	C1	Laboral fixo	5	CONCURSO
DELINEANTE	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A	C1	Laboral fixo	3	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A SERVICIOS TURÍSTICOS	C1	Laboral fixo	3	CONCURSO
ENCARGADO/A RESPONSABLE BIAL	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Funcionario/a de carreira	10	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Laboral fixo	2	CONCURSO
OFICIAL COIDADOR MANTEMENTO VIXIANCIA E CONTROL	C2	Laboral fixo	2	CONCURSO



Concello de Vigo

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
OFICIAL SEPULTUREIRO	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPAIS	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL INSTALACIONES DEPORTIVAS	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	C2	Laboral fixo	7	CONCURSO
ORDENANZA PORTEIRO	E	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
AXUDANTE MANTEMENTO	E	Laboral fixo	9	CONCURSO

2.- Prazas que cumpren cos requisitos previstos no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal e convocadas polo sistema de **concurso-oposición**:

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO-OPOSICIÓN
OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPAIS	C2	Funcionario/a de carreira	2	CONCURSO-OPOSICIÓN
OFICIAL DESINFECTOR/A	C2	Funcionario/a de carreira	2	CONCURSO-OPOSICIÓN

SEGUNDO.- Ordenar a publicación con carácter urxente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

2.- Publicado o acordo citado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) n.º 103, do martes 31 de maio do 2022, foron presentadas as alegacións seguintes en prazo, segundo consta en dilixencia de 08/07/2022, que literalmente se transcribe:

“DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR

Que o anuncio correspondente á Oferta de Emprego Público para a Estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 103 de data 31/05/2022.

Nesa mesma data (31/05/2022), con hora de presentación anterior á da publicación no BOPPO, consta escrito de alegacións da sección sindical CIG:

Documento	Persoa interesada
220117929	Del Castillo Fernández-Pacheco, M. (Sección sindical CIG)

Entre o 01/06/2022 e o 30/06/2022 foron presentados un total de 13 documentos que inclúen recursos e alegacións á OEP de estabilización, tal como se referencia a seguir:

Documento	Persoa interesada
220119824	Alonso Rodríguez, E. (Sección sindical CCOO)
220124182	Álvarez Outeiro, I.
220137603	Del Castillo Fernández-Pacheco, M. (Sección sindical CIG)
220161719	Martínez Alonso, S. M.
220161748	Martínez Alonso, S. M.
220162670	Pereiras Bermejo, V.
220162821	Del Monasterio Roldán, C.
220162830	Del Monasterio Roldán, C.
220163892	Riobó Veiga, L. A.
220163902	Riobó Veiga, L. A.
220164093	Álvarez Outeiro, I.



Concello de Vigo

220164104	Álvarez Outeiro, I.
220164671	Pérez Rodríguez, M. I.

Tamén foron presentados no prazo establecido para o efecto, 4 documentos dirixidos á Área de Benestar Social e remitidos con posterioridade a esta Área de RRHH e Formación en formato expediente, e por tanto non incluídos no 39998/220, senón unidos (trámite SUE), coas referencias que se indican no seguinte cadro:

Documento	Expediente	Persoa interesada
220122774	236390/301	Riobó Veiga, L. A.
220131562	237243/301	Estévez Rodríguez, B.
220132923	237244/301	Magadán Mompo, E. M.
220162814	237245/301	Núñez Hernández, R.

Disto déixase constancia, a salvo de erro ou omisión, para os efectos do expediente electrónico."

3.- MOTIVACIÓN TÉCNICA E XURÍDICA: INFORMES EMITIDOS

En data 08/09/2022 recíbense informes da adxudicataria encargada da elaboración do Plan de Estabilización do Concello de Vigo (incorporados como trámites 137, 138 e 139 do expediente electrónico nº 39.998/220) nos cales se procede ao estudo das alegacións consonte ás mesmas, así como consonte aos informes municipais emitidos polo persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, incorporados ao expediente electrónico de sistematización de información dos traballos de estabilización (expediente nº 39.712/220).

No informe de data 08/09/2022 (trámite 137) contéplase a análise das alegacións e erros detectados, nos termos seguintes (NOTA: os datos persoais teñen sido anonimizados):

"O presente informe emítese, por parte do agora asinante, na súa condición de asesor técnico na elaboración da OPE de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, e ao obxecto da pertinente e adecuada valoración e, segundo o caso, estimación ou desestimación dos recursos de reposición presentados respecto do acordo da Xunta de goberno Local, de data 31 de maio de 2022, de aprobación da Oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, expediente 39998/220.

Así, aos efectos e nos termos sinalados, achégase o presente **INFORME-PROPOSTA**

I SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D^a. M. DEL CASTILLO FERNÁNDEZ PACHECO (SECCIÓN SINDICAL CIG).-

Visto o citado recurso de reposición, no que se expón unha serie de posibles erros contemplados na OPE, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- En relación co número de prazas de Oficiais mantemento deportes e de Axudantes mantemento deportes, cómpre sinalar que se detecta a existencia dun erro cometido no momento de transcribir o número de ditas prazas, sendo o número correcto das mesmas o seguinte:

- 1 Tres prazas de Oficiais mantemento deportes.
- 2 Catro prazas de Axudantes mantemento deportes.

Segunda.- Sobre a praza de Axudante mantemento deportes ocupada por un traballador en situación de IT, cómpre sinalar que dito traballador foi declarado en situación de incapacidade permanente en data 20/04/2018, con reserva de praza ata o 20/04/2020. Dende a referida data esta praza non foi ocupada por ningún outro traballador, polo que a mesma non cumpre os prazos temporais para ser incluída no proceso de estabilización de emprego temporal, ao non estar ocupada polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Terceira.- En relación coas seis prazas de Axudante mantemento deportes ocupadas por persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, cómpre sinalar que ditos funcionarios interinos cesaron no mes de novembro do ano 2017 e ditas prazas non foron ocupadas con posterioridade, polo que as mesmas non cumpren cos prazos temporais para seren incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal.

Cuarta.- En relación coa praza de Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control que na OPE aparece encadrada no grupo C1, revisados os datos da mesma, se constata que o seu grupo profesional é C2, polo que procedería a corrección de dito erro.

Así mesmo, revisado o primeiro contrato temporal do traballador que ocupa dita praza, se observa que a mesma vén sendo ocupada dende o 21/12/2015, polo que cumpre os requisitos temporais previstos na DA 6^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser convocada polo sistema de concurso. Polo tanto, procedería a corrección do sistema selectivo que figura para a referida praza, debendo contemplarse o sistema de concurso en vez do sistema de concurso-oposición.

Quinta.- Sobre as catorce prazas de Oficiais de instalacións municipais ocupadas por persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, cómpre explicar que as mesmas non cumpren cos prazos temporais para seren incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal, ao existir períodos moi longos, de máis de seis meses, nos que as prazas estiveron vacantes, o que supón unha clara interrupción aos efectos da estabilización do emprego temporal. Polo tanto, cabe concluír que non procedería a inclusión das referidas prazas en OPE.



Concello de Vigo

Sexta.- En relación coas tres prazas de *Oficiais sepultureiros* ocupadas por persoal funcionario interino por acumulación de tarefas, cómpre explicar que as mesmas non cumpren cos prazos temporais para seren incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal, ao existir períodos moi longos, de máis de seis meses, nos que as prazas estiveron vacantes, o que supón unha clara interrupción aos efectos da estabilización do emprego temporal. Polo tanto, cabe concluír que non procedería a inclusión das referidas prazas en OPE.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a estimación parcial do recurso de reposición formulado por D^a. M. Del Castillo Fernández Pacheco (Sección Sindical Cig), co obxecto de corrixir os erros detectados nos termos sinalados nos apartados de consideracións Primeira e Cuarta.**

II SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D^a. S. MARTÍNEZ ALONSO.-

Visto o citado recurso de reposición, cabe realizar as seguintes consideracións:

Cómpre comezar sinalando que o referido recurso de reposición carece de solicitude ou petición específica, o que supón que o mesmo non poida ser tomado en consideración. Non obstante o anterior, visto o corpo do referido escrito, o presente informante intúe que a pretensión da reclamante é a de modificar a denominación da praza de "Titulado medio" que vén ocupando, por outra denominación que non se especifica.

En todo caso, revisada a documentación subministrada a esta parte, cómpre sinalar que a referida praza está contemplada na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación exacta que figura nos datos subministrados polo Concello de Vigo, isto é, coa denominación de "Titulado medio", polo que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da súa denominación.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por D^a. S. Martínez Alonso.**

III SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D^a. V. PEREIRAS BERMEJO.-

Visto o citado recurso de reposición, no que solicita un cambio na denominación da praza de "Auxiliar administrativo" que vén ocupando a traballadora reclamante, cabe realizar as seguintes consideracións:

Cómpre comezar sinalando que non se debe identificar praza con posto. Trátase, xa que logo, de conceptos diferentes. A praza é a unidade da plantilla estrutural formada por Esca-

las, Subescalas, clases e categorías, segundo a estrutura que o lexislador ten deseñado no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local. Pola contra, o posto é a unidade da Relación de Postos de Traballo que cada corporación local teña aprobada, sendo a RPT o conxunto de postos de traballo dunha corporación local, agrupados e ordenados en función das distintas áreas ou servizos diferenciados na mesma, na que conste a denominación concreta e individualizada dos mesmos, as súas características, tarefas, requisitos para a súa provisión e demais datos que se xulguen precisos.

Así as cousas, na OPE se inclúen as prazas, non os postos de traballo, e revisada a documentación subministrada a esta parte, cómpre sinalar que a referida praza está contemplada na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación exacta que figura nos datos subministrados polo Concello de Vigo, isto é, coa denominación de “Auxiliar administrativo”, polo que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da súa denominación.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por D^a. V. Pereiras Bermejo.**

IV SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D^a C. DE MONASTERIO ROLDAN.-

Visto o citado recurso de reposición, no que solicita un cambio na denominación da praza de “Técnico/a medio- Titor/a programa UTIL” que vén ocupando a traballadora reclamante, cabe realizar as seguintes consideracións:

A reclamante solicita que na denominación da praza que ocupa se elimine a referencia ao concreto programa UTIL, pois o mesmo ten carácter temporal e non pode formar parte da denominación da praza.

Vistas as consideracións expostas no recurso de reposición, cómpre considerar que na denominación da praza non debería figurar unha referencia a un concreto e determinado programa municipal de emprego, xa que a denominación de ditos programas municipais de emprego van variando co tempo e son substituídos por outros con diferente nomenclatura.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a estimación do recurso de reposición formulado por D^a. C. de Monasterio Roldan, co obxecto de modificar a denominación da praza de “Técnico/a medio- Titor/a programa UTIL”, pola de “Técnico/a medio- Titor/a programas municipais de emprego”.**

V SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D. L. ALBERTO RIOBÓ VEIGA.-



Concello de Vigo

Visto o citado recurso de reposición, no que solicita un cambio na denominación da praza de “Licenciado/a en dereito” que vén ocupando o traballador reclamante, cabe realizar as seguintes consideracións:

Cómpre comezar sinalando que non se debe identificar praza con posto. Trátase, xa que logo, de conceptos diferentes. A praza é a unidade da plantilla estrutural formada por Escalas, Subescalas, clases e categorías, segundo a estrutura que o lexislador ten deseñado no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local. Pola contra, o posto é a unidade da Relación de Postos de Traballo que cada corporación local teña aprobada, sendo a RPT o conxunto de postos de traballo dunha corporación local, agrupados e ordenados en función das distintas áreas ou servizos diferenciados na mesma, na que conste a denominación concreta e individualizada dos mesmos, as súas características, tarefas, requisitos para a súa provisión e demais datos que se xulguen precisos.

Así as cousas, na OPE se inclúen as prazas, non os postos de traballo, e revisada a documentación subministrada a esta parte, cómpre sinalar que a referida praza está contemplada na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación exacta que figura nos datos subministrados polo Concello de Vigo, isto é, coa denominación de “Licenciado/a en dereito”, polo que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da súa denominación.

*Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por D. L. Alberto Riobó Veiga.***

VI SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D^a. I. ÁLVAREZ OUTEIRO.-

Visto o citado recurso de reposición, no que solicita un cambio na denominación da praza de “Diplomado/a en Traballo Social” que vén ocupando a traballadora reclamante, cabe realizar as seguintes consideracións:

Cómpre comezar sinalando que non se debe identificar praza con posto. Trátase, xa que logo, de conceptos diferentes. A praza é a unidade da plantilla estrutural formada por Escalas, Subescalas, clases e categorías, segundo a estrutura que o lexislador ten deseñado no Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local. Pola contra, o posto é a unidade da Relación de Postos de Traballo que cada corporación local teña aprobada, sendo a RPT o conxunto de postos de traballo dunha corporación local, agrupados e ordenados en función das distintas áreas ou servizos diferenciados na mesma, na que conste a denominación concreta e individualizada dos mesmos, as súas características, tarefas, requisitos para a súa provisión e demais datos que se xulguen precisos.

Así as cousas, na OPE se inclúen as prazas, non os postos de traballo, e revisada a documentación subministrada a esta parte, cómpre sinalar que a referida praza está contempla-

da na OPE de estabilización de emprego temporal coa denominación exacta que figura nos datos subministrados polo Concello de Vigo, isto é, coa denominación de “Diplomado/a en Traballo Social”, polo que non se aprecia motivo técnico ou legal que xustifique unha modificación da súa denominación.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a desestimación do recurso de reposición formulado por D^a.I. Álvarez Outeiro.**

VII SOBRE O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D^a. M. . PÉREZ RODRÍGUEZ.-

Visto o citado recurso de reposición, no que solicita un cambio na denominación da praza de “Encargado/a responsable BIAL” que vén ocupando a traballadora reclamante, cabe realizar as seguintes consideracións:

A reclamante solicita que na denominación da praza que ocupa se elimine a referencia ao concreto programa BIAL, pois o mesmo ten un carácter temporal e non pode formar parte da denominación da praza.

Vistas as consideracións expostas no recurso de reposición, cómpre considerar que na denominación da praza non debería figurar unha referencia a un concreto e determinado programa municipal de emprego, xa que a denominación de ditos programas municipais de emprego van variando co tempo e son substituídos por outros con diferente nomenclatura.

Polo tanto, á vista das consideracións que se veñen de realizar, **procede propoñer a estimación do recurso de reposición formulado por D^a. M. I. Pérez Rodríguez, co obxecto de modificar a denominación da praza de “Encargado/a responsable BIAL”, pola de “Encargado/a responsable programas municipais de emprego”.**

É o que se informa, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.”

4.- SOMETEMENTO A FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

A aprobación da Oferta de Emprego de Estabilización do Concello de Vigo foi sometido a fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.



Concello de Vigo

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

Non desprendéndose da estimación, desestimación ou estimación parcial das alegacións presentadas un posible gasto presente nin futuro, nin así tampouco dos erros a corrixir, non se estima procedente a remisión á Intervención Xeral Municipal do presente expediente en sede de resolución de alegacións.

5.- COMPETENCIA DO ÓRGANO E PROPOSTA DE ACORDO:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127.1, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación das ofertas de emprego público.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais contidas en Decretos da Excm. Alcaldía do 16/04/2021 e 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Resolver as alegacións presentadas en prazo á oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, relacionadas en dilixencia de data 08/07/2022 (trámite 117 do expediente 39.998/220) consonte aos informes emitidos e incorporados aos expedientes nº 39.998/220, de datas 08/09/2022 e que figuran anexados como trámites 137,138 e 139 do expediente citado, así como dos informes municipais emitidos no 39.712/220.

SEGUNDO.- Aprobar, como consecuencia da estimación, estimación parcial e desestimación das alegacións presentadas, así como das retificacións de erros detectados e incorporados aos informes municipais emitidos, o cadro da oferta de emprego de estabilización do Concello de Vigo, nos termos dos informes emitidos (trámites 137, 138 e

139 do expediente electrónico nº 39.998/220, e informes municipais emitidos no expediente nº 39.712/220) segundo teor literal seguinte:

1.- Prazas que cumpren cos requisitos previstos na DA 6º e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal e convocadas polo sistema de concurso:

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
TÉCNICO/A DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
VETERINARIO/A - ZOO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A DEREITO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A CIENCIAS DO TRABALLO	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
LICENCIADO/A PSICOLOXIA	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR -DIRECTOR/A (LICENCIADO FILOSOFIA, CIENCIAS EDUCACION E PEDAGOXIA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A SUPERIOR-COORDINADOR/A PLAN EMPREGO MUNICIPAL (ENXEÑEIRA)	A1	Laboral fixo	1	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO



Concello de Vigo

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
TECNICO/A MEDIO DE ARQUIVO	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO RESPONSABLE OBRAS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO (ARQUITECTO TÉCNICO EN EXECUCIÓN DE OBRAS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO-ADMINISTRADORA PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO (LICENCIADO/A EN C.ECONOMICAS E EMPRESARIAIS)	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TÉCNICO/A MEDIO-TUTOR/A PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A MEDIO –DIPLOMADO/A EDUCACION SOCIAL	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TITULADO/A MEDIO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
TECNICO/A ORIENTACIÓN LABORAL	A2	Laboral fixo	6	CONCURSO
CONSERVADOR/A	A2	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
MESTRE/A OFICIOS EMAO	A2	Laboral fixo	1	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A	C1	Funcionario/a de carreira	1	CONCURSO
MESTRE/A FORMACION EMAO	C1	Funcionario/a de carreira	4	CONCURSO
MESTRE/A FORMACION EMAO	C1	Laboral fixo	4	CONCURSO
DELINEANTE	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO
ADMINISTRATIVO/A	C1	Laboral fixo	3	CONCURSO

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
ADMINISTRATIVO/A SERVICIOS TURÍSTICOS	C1	Laboral fixo	3	CONCURSO
ENCARGADO/A RESPONSABLE PROGRAMAS MUNICIPAIS DE EMPREGO	C1	Laboral fixo	1	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Funcionario/a de carreira	10	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	C2	Laboral fixo	2	CONCURSO
OFICIAL COIDADOR MANTEMENTO VIXIANCIA E CONTROL	C2	Laboral fixo	3	CONCURSO
OFICIAL SEPULTUREIRO	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPAIS	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL INSTALACIONES DEPORTIVAS	C2	Laboral fixo	1	CONCURSO
OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	C2	Laboral fixo	3	CONCURSO
AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES	E	Laboral fixo	4	CONCURSO
ORDENANZA PORTEIRO	E	Funcionario/a de carreira	7	CONCURSO
AXUDANTE MANTEMENTO	E	Laboral fixo	9	CONCURSO

2.- Prazas que cumpren cos requisitos previstos no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para ser incluídas no proceso de estabilización de emprego temporal e convocadas polo sistema de concurso-oposición:

Denominación	Grupo	Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira /	Número de prazas ofertadas	Sistema Selectivo
--------------	-------	--	----------------------------	-------------------



Concello de Vigo

		persoal laboral fixo)		
AUXILIAR ADMINIS- TRATIVO/A	C2	Funcionario/a de ca- rreira	1	CONCURSO- OPOSICIÓN
OFICIAL INSTALA- CIONES MUNICIPAIS	C2	Funcionario/a de ca- rreira	2	CONCURSO- OPOSICIÓN
OFICIAL DESINFEC- TOR/A	C2	Funcionario/a de ca- rreira	2	CONCURSO- OPOSICIÓN

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos recorrentes, significándolles que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(766).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA”. EXPTE. 5468/443.

Visto o informe de fiscalización do 30/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/08/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 5 de abril de 2022 resolveu o autorizar o gasto para a 'Redacción do proxecto Vigo Vertical de implantación de medio mecánicos de transporte peonil, para conexión da rúa Ramón Nieto co entorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura' a prol da empresa Galaicontrol SL .

II.- A mercantil Galaicontrol S.L. presentou borrador de proxecto construtivo de 'Redacción do proxecto Vigo Vertical de implantación de medio mecánicos de transporte peonil, para conexión da rúa Ramón Nieto co entorno do Centro de Saúde e CEIP Fonte Escura', redactado pola Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos Dna. María Trinidad López Rodríguez.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos/ Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 29 de

marzo de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación ten lugar na Travesía de Barreiro nº 1 que comunica a Avenida de Ramón Nieto coa vía principal da Parroquia de Lavadores e permite o acceso ao Centro de Saúde de Lavadores e ao CEIP Fonte Escura. Os traballos para a realización da obra son:

- Retírase o mobiliario existente e demolerase as beirarrúas e calzada onde se proxecten as actuacións recollidas no proxecto.
- Renovarase a rede de fecais existente mediante tubaxes de PVC con diámetros de 400 mm e 500 mm.
- Executárase unha nova rede de pluviais mediante tubaxes de PVC con diámetros de 315 mm e 400 mm
- Renovarase a rede de abastecemento de auga potable mediante canalización de FD 100 mm. Cambiáranse as acometidas domiciliarias e instaláranse 7 bocas de rego e 1 hidrante.
- Instalarase unha nova rede de alumeadado público e puntos de luz sobre columna.
- Executaranse tamén redes de telecomunicación e rego.
- Construíranse tres ramplas mecánicas con lonxitudes de 11,05 m, 18,00 m e 21,00 m.
- Renovarase o pavimento e ordenáranse os espazos para peóns e vehículos con zonas delimitadas para tráfico rodado, tráfico compartido e zonas de aparcamento.
- Os carrís para o tráfico rodado terán un ancho variable comprendido entre os 3,0 m e os 3,50 m . cada un, executados mediante capas de pavimento bituminoso AC22 BIN 50/70 S e AC16 SURF 50/70 D.
- As beirarrúas serán de formigón HA-25 no acceso ao Centro de Saúde de Lavadores mentres que se executarán con baldosa de granito cun anchura mínima de 1,8 m na travesía Barreiros
- En canto á xardinería plantaranse diferentes especies de árbores e plantas dependendo da ubicación das mesmas, segundo estean na zona estacial ou no entorno da rotonda.
- O mobiliario urbano estará composto por 16 bancos de madeira e fundición, 6 papeleiras, 1 fonte e un mural para ocultar a parte baixa unha torre de media tensión.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DEZ) 10 meses.

V.- O Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 23 de agosto de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado. Cabe destacar que as obras executaranse no entorno de Centro de Saúde de Lavadores, polo que se terá en conta á hora de dotalo de accesibilidade tanto no deseño como en período de obras.

Por outra banda non se contemplan afeccións a Espazos Naturais xa que o ámbito non se atopa nin en Red Natura 2000, nin R.Galega de Espazos Protexidos, nin en Reservas da Biosfera.

Tampouco se detectaron afeccións a zonas de Patrimonio cultural, policía de augas ou DPMT.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.



Concello de Vigo

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL, PARA CONEXIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO CO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CEIP FONTE ESCURA", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CATORCE MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (1.814.513,63 EUROS) e data xuño de 2022, firmado dixitalmente en data 20 de xullo de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(767).- PROCEDEMENTO DE PAGO DOS GASTOS DE TRANSPORTE POLA ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 1329/322.

Visto o informe de fiscalización do 02/09/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/09/2022, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

- O Concello de Vigo pon a disposición da cidadanía a Oficina Municipal de Voluntariado (OMV) onde calquera persoa interesada pode participar, como voluntaria, en actuacións como o acompañamento a persoas maiores, menores e discapacitadas, actividades medioambientais, eventos puntuais ou en colaboración en entidades de acción voluntaria (EAV)
- Con data 19/08/2022 o concelleiro delegado de Cultura e Emprego autorizou o inicio do do PROCEDEMENTO DE PAGO DOS GASTOS DE TRANSPORTE POLA ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO.
- Con data 22/08/2022, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co visto e prace dos concelleiros delegados de Cultura e Emprego e Orzamentos e Facendo formulou a proposta para a autorización, no exercicio 2022, do PROCEDEMENTO DE PAGO DOS GASTOS DE TRANSPORTE POLA ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO, por un importe de 300,00 euros, á vista da cal, o servizo de Intervención emitiu informe de conformidade de data 2/09/2022, no que se refire a competencia da Xunta de Goberno Local para a autorización do gasto, contabilizando a operación a través do documento contable de Retención de crédito (RC) nº 2022-83.661.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Conforme á resolución de delegacións de competencias da Alcaldía de data 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", modificada o 6 de setembro de 2022, á Tenente de Alcalde e Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego lle corresponden, entre outras competencias, a dirección e coordinación do voluntariado da cidade, así como, o deseño e coordinación de campañas de sensibilización e fomento do voluntariado.

O artigo 19 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, as entidades locais, nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local promoverán o desenvolvemento do voluntariado nos ámbitos aos que se refire o artigo 6 da dita Lei.

O artigo 10.f) da mesma norma dispón que os voluntarios teñen dereito a ser reembolsadas por la entidade de voluntariado de los gastos realizados no desempeño das súas actividades, establecendo o artigo 14 que as entidades de voluntariado están obrigadas a cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e, no seu caso, reembolsar aos voluntarios, os gastos que lles ocasionen o desenvolvemento da súa actividade



Concello de Vigo

Por último, o artigo 23 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, atribúe ás entidades locais galegas, entre outras, as competencias de promover a acción voluntaria e fomentar a participación da cidadanía, articular os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local e establecer os criterios de distribución dos recursos propios, así como, conceder axudas e subvencións no desenvolvemento da acción voluntaria

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto na normativa de referencia, en materia de dereitos das persoas voluntarias, dando cobertura aos gastos nos que incorren as persoas voluntarias que desenvolven o seu voluntariado baixo a coordinación da Oficina Municipal de Voluntariado, se propón o aboamento dos gastos de desprazamento dos asistentes as actividades de voluntariado no transporte público mediante o seguinte sistema de pago:

As persoas voluntarias deberán presentar xustificante/s acreditativos do pago en efectivo do/s traxecto/s no medio de transporte colectivo ou, no seu caso, extracto de movementos da tarxeta Pass Vigo expedido pola entidade bancaria. A dita documentación será cotexada pola Oficina Municipal de Voluntariado, previa comprobación da súa concordancia coas datas de asistencia ás accións de voluntariado, e se acompañará:

1. Documento de identidade e certificación de conta bancaria do/a voluntario/a
2. Xustificantes de pago (tickets, extracto movementos tarxeta Pass Vigo,...)
3. Informe do servizo sobre as contías a pagar aos/ás participantes das actividades en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de control establecido, facendo efectivo o pagamento destas axudas ao remate da súa participación na actividade ou evento, previa xustificación.

Atendendo ao número de participantes das accións de voluntariado no exercicio pasado, os custes previstos de desprazamento para o ano 2022, se estiman nun importe de 300,00 €, que se imputarán á aplicación orzamentaria 9251. 2330000. Outras indemnizacións.

PROPOSTA DE ACORDO

A vista das anteriores circunstancias, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124.4 da Lei 7/85, e Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada por Resolución de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020) e previo informe favorable da Intervención Xeral de data 2/09/2022, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Autorizar o gasto por importe de trescentos euros (300,00 €) para facer fronte os gastos de desprazamento xerados no exercicio 2022, pola asistencia ás accións de voluntariado, con cargo a partida presupostaría 9251 2330000. Outras indemnizacións.

Segundo.- Autorizar, para o exercicio 2022, o *PROCEDEMENTO DE PAGO DOS GASTOS DE TRANSPORTE POLA ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO*, previa xustificación, dos/as participantes das actividades de voluntariado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(768).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez